

Marcos Pérez Pena

Xiro á dereita na xuventude galega? Máis en mozos que en mozas, menos que no resto do Estado

praza.gal, 30, novembro 2025.




Evolución do autoposicionamento ideolóxico dos varóns de 18 a 24 anos en Galicia e no conxunto de España ©

Está a nosa sociedade xirando á dereita? En especial, a mocidade está a situarse cada vez máis preto desta ideoloxía? Dende hai un tempo diversos enquisas veñen detectando no conxunto de España un progresivo desprazamento da poboación cara a posicións máis próximas á dereita política, sobre todo entre as novas xeracións. **Sucedo o mesmo en Galicia?**

Os estudos de opinión adoitan formular unha cuestión sobre o posicionamento ideolóxico (esquerda-dereita) da persoa entrevistada nunha escala de 1 a 10, sendo o 1 o máximo de esquerda e 10 o máximo de dereita. En concreto, o Centro de Investigacións Sociolóxicas vén realizando esta pregunta dende o ano 1985, o que permite seguir unha extensa serie para analizar cambios no tempo.

Esta serie amosa, efectivamente un progresivo desprazamento cara á dereita dende o ano 2019 (momento en que se configura un goberno de coalición entre PSOE e Unidas Podemos, posteriormente revalidado en 2023 co esquema PSOE-Sumar). Dende unha media que chegou a baixar ata 4,5 puntos, neste 2025 pasouse a rozar unha media de 5 puntos. Pode non parecer un gran cambio, pero **tan só no ano 2000, momento en que o PP da Aznar acadou a maioría absoluta, se chegara a esta media de 5 puntos. Entre 2011 e 2012,**

cando o PP de Rajoy conseguiu igualmente unha maioría absoluta, tamén se tocou este resultado.



Pola contra, entre 1985 e 1990 a media situábase habitualmente nos 4,5 puntos, máis próxima á esquerda. O mesmo sucedeu en 2004, cando Zapatero gaña as eleccións, e igualmente entre 2013 e 2015, momento da irrupción de Podemos e as mareas municipalistas. De novo a localización ideolóxica da poboación virou á esquerda entre 2018 e 2019, cando Pedro Sanchez accede ao poder a través dunha moción de censura e revalida o seu goberno en dous comicios consecutivos.


E que sucedeu neste tempo en Galicia? Pois hai que destacar que Galicia partía dunha situación moito máis conservadora, cunha poboación moito máis inclinada á dereita entre 1985 e 2000, mantendo durante este tempo unha media superior a 5 puntos, medio punto por riba da media española. En cambio, **dende o ano 2001 Galicia foi movéndose cara a posicións cada vez máis esquerdistas, de xeito que entre 2005 e 2009, os anos do goberno de coalición PSdeG-BNG apenas se advirten diferenzas coa media do Estado.**

A partir de aí Galicia segue unha evolución máis ou menos parella á do resto de España, virando á dereita entre 2009 e 2011 e de novo xirando á esquerda entre 2011 e 2020, momento en que por primeira vez se sitúa nunha posición máis esquerdistista que a media do Estado.

Ben, de aí vimos, pero onde estamos agora? **Entre o verán de 2019 e o verán de 2025 a poboación española foi virando rapidamente á dereita, aínda que os dous últimos barómetros do CIS (setembro e outubro de 2025) amosan un novo xiro á esquerda, xa se verá se conxuntural ou non.** Os datos galegos deben ser analizados con máis coidado, pois a marxe de erro para a análise segmentada da información estatística de cada comunidade autónoma é grande, agás cando se empregan mostras maiores (por exemplo, nos estudos preelectorais dos comicios ao Parlamento galego ou ao Congreso). É máis interesante neste caso observar as tendencias e non os datos concretos dun ou outro estudo.

autoposicionamento ideolóxico medio en cada Comunidade Autónoma nos barómetros do CIS

out-19 xul-23 xul-25



*Escolléronse os estudos preelectorais dos comicios xerais de novembro de 2019 e xullo de 2023, polo seu elevado número de enquisas, e o derradeiro barómetro con datos publicados por comunidades autónomas

[Descarga os datos](#) • [Incrustado](#) • Creado con [Datawrapper](#)

praza

En todo caso, tamén en Galicia se advirte un xiro cara á dereita. Iso si, en xeral Galicia mantense máis preto da esquerda que a media do conxunto do Estado. O gráfico anterior amosa a evolución das autodefinicións ideolóxicas da poboación de cada comunidade autónoma nos últimos anos. Escolléronse os estudos preelectorais dos comicios xerais de novembro de 2019 e xullo de 2023, polo seu elevado número de enquisas, e o derradeiro barómetro con datos publicados por comunidades autónomas.

Os resultados amosan un progresivo desprazamento cara á dereita na maior parte dos territorios, así como **grandes diferenzas entre as comunidades máis á dereita (Murcia, Baleares, Castela-A Mancha, Cantabria...)** e **as comunidades máis á esquerda (País Vasco, Navarra, Cataluña e Asturias)**, ás que poderíamos sumar a Galicia, que tamén xira á dereita.

A mocidade vira á dereita?

Neste desprazamento á dereita obsérvase un significativo xiro conservador na mocidade galega? O fenómeno semella tamén existir en Galicia, pero neste caso **fáltannos datos para analízalo polo miúdo a partir da información estatística achegada polo CIS**. O instituto demoscópico público adoita compoñer os seus barómetros mensuais cunha mostra de preto de catro mil entrevistas para todo o Estado, unhas 300 en Galicia, unha cifra insuficiente para contarmos con datos fiables segmentados por idade. Os últimos estudos cunha mostra ampla para Galicia foron os preelectorais e postelectoral publicados antes e despois dos comicios ao Parlamento galego de 2024. E, anteriormente, os estudos semellantes publicados nas eleccións Xerais de 2023.

Nesas enquisas de 2023 e 2024 xa se advirte en Galicia un xiro á dereita no conxunto da poboación, pero non limitado ás novas xeracións, pois hai tamén un xiro conservador nas persoas de 35 a 44 anos. En cambio, **a posición ideolóxica das persoas entre 45 e 54 anos mantense estable e as persoas**

entre 55 e 74 anos amósanse cada vez máis próximas á esquerda. Esta evolución, que tamén se percibe no conxunto do Estado, pode explicarse pola chegada á idade de xubilación da xeración que viviu a Transición na súa mocidade.

Evolución da autoubicación ideolóxica (1-10) por grupos de idade en Galicia nos barómetros do CIS

	De 18 a 24	De 25 a 34	De 35 a 44	De 45 a 54	De 55 a 64	65 e máis	De 65 a 74	75 e máis	Total
out. 2012	4,67	4,39	4,53	4,86	5,19	5,89			4,98
set. 2016	4,45	4,36	4,42	4,53	5,02	5,87			4,88
out. 2019	3,69	4,2	4,17	4,27	4,6	5,55			4,61
feb. 2020	4,1	4,21	4,32	4,61	4,74	5,68			4,79
xuñ. 2023	4,74	4,49	4,64	4,88	4,64		4,63	5,53	4,79
mar. 2024	4,27	4,27	4,54	4,63	4,77		5,25	6,3	4,92

**Empréganse os estudos preelectorais do CIS para os comicios ao Parlamento galego (2012, 2016, 2020), o postelectoral de 2024 e os preelectorais das eleccións ao Congreso (2019 e 2023) por contar con mostras maiores para Galicia*

Fonte: CIS • [Descarga os datos](#) • [Incrustado](#) • Creado con [Datawrapper](#)

praza


O xiro conservador entre a mocidade galega é moi claro nos estudos publicados no ano 2023, nos que os datos galegos mesmo superan a media do Estado para as persoas entre 18 e 24 anos. E, en cambio, semella non existir nos publicados en 2024, nos que a mocidade vira de novo á esquerda.

En cambio, **os datos galegos presentes nos barómetros publicados polo CIS no último ano e medio semellan apuntar a unha maior viraxe á dereita dos menores de 35 anos e, pola contra, un desprazamento á esquerda das persoas entre 55 e 74 anos.** Con todo, son datos que deben ser tomados con precaución pola súa elevada marxe de erro e, por iso, non se inclúen nos gráficos.

Hai diferenzas entre homes e mulleres, entre mozos e mozas? As cuestións de xénero teñen un impacto significativo, nun momento en que se vén advertindo un crecemento das posicións ultradereitistas e neomachistas entre os varóns novos? Pois o certo é que **si hai diferenzas, malia que o xiro cara á dereita tamén afecta ás mulleres, aínda que en menor medida.**

Ata o ano 2020 apenas se advertían diferenzas significativas a nivel de autopoñicionamento ideolóxico entre homes e mulleres en Galicia. Porén, **a partir dese ano semella abrirse progresivamente unha fenda entre os dous sexos, de xeito que os homes se definen máis á dereita que as mulleres.**

Evolución do autopoñicionamento ideolóxico (escala de 1 a 10*) dos mozos e mozas galegas



Fonte: CIS • *1: Máximo de esquerdas. 10: Máximo de dereitas


Empréganse os estudos preelectorais do CIS para os comicios ao Parlamento galego (2012, 2016, 2020), o postelectoral de 2024 e os preelectorais das eleccións ao Congreso (2019 e 2023) por contar con mostras maiores para Galicia

Made with Flourish • Create a chart

A dinámica é aínda máis clara nas novas xeracións, nas que o xiro á dereita dos mozos dende o ano 2019 é evidente. A viraxe conservadora, que tamén se dá nas mozas pero en menor medida, ten como consecuencia **unha diferenza moi grande (case un punto) na definición ideolóxica de homes e mulleres entre 18 e 24 anos.**

Mozos e mozas galegas son nisto diferentes aos dos resto do Estado? Non demasiado. O CIS amosa un claro xiro á dereita dos varóns entre 18 e 24 anos en toda España que tamén se dá en Galicia., pero en menor medida. Menos importante aínda é o desprazamento nas mozas que, ademais, **xiraran previamente á esquerda** de forma significativa -pode que coincidindo coas vagas feministas do 8M- e aínda que neste momento tamén están a virar á dereita, o seu autopoñicionamento ideolóxico sitúase moi lonxe do dos seus compañeiros de xeración.

Evolución do autopoñicionamento ideolóxico* dos mozos e mozas de 18 a 24 anos en Galicia e no conxunto de España



Fonte: CIS • *1: Máximo de esquerdas. 10: Máximo de dereitas

Empréganse os estudos preelectorais do CIS para os comicios ao Parlamento galego (2012, 2016, 2020), o postelectoral de 2024 e os preelectorais das eleccións ao Congreso (2019 e 2023) por contar con mostras maiores para Galicia

Made with Flourish • Create a chart